



PLAN ANUAL DE LECTURA

CURSO 2023-24

1 - OBXECTIVOS

2 - ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

3- LIÑAS PRIORITARIAS DA BIBLIOTECA PARA O CURSO 2023-2024

4 - RUTINAS DE LECTURA

5 - RECURSOS HUMANOS

6 - ITINERARIOS LECTORES

7 - ACTIVIDADES PROGRAMADAS

8 - ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS

9 – SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

ANEXO I : PLAN DE BIBLIOTECA

ANEXO II: ACHEGAS DOS DEPARTAMENTOS AO PLAN ANUAL DE LECTURA

1 – OBXECTIVOS

Seguindo as disposicións recollidas na Resolución do 20 de setembro de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares nos centros docentes non universitarios, de titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no curso académico 2023/2024; os obxectivos xerais que pretendemos conseguir son:

- Formar alumnado competente en lectura e fomentar o hábito lector.
- Desenvolver prácticas e estratexias de comprensión lectora e de escritura.
- Ler de forma segura, con fluidez e entoación adecuadas.
- Comprender e distinguir diferentes tipos de textos adaptados ao nivel do alumnado: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos, etc.
- Utilizar a lectura como medio para ampliar o vocabulario, fixar a ortografía e producir textos coherentes e ben estruturados.
- Apreciar o valor dos textos literarios e utilizar a lectura como fonte de disfrute e información, á vez que de enriquecemento persoal.
- Capacitar o alumnado para a adquisición das competencias básicas.
- Desenvolver estratexias para a consulta eficaz das diferentes fontes informativas e a selección crítica da información e a construción autónoma do coñecemento.
- Coñecer e aplicar as normas de funcionamento da biblioteca escolar e utilizala tamén como fonte de lecer.
- Favorecer que os pais e nais contribúan a estimular a lectura dos seus fillos no tempo de ocio.

2 - ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

- Integrar a biblioteca escolar no desenvolvemento do currículo e lograr que esta sexa o punto de encontro de todo o instituto.

- Seguindo o establecido na concreción curricular da ESO, as materias lingüísticas que teñen unha hora de docencia máis a semana impartirán esa hora na biblioteca retomando a utilización do espazo creativo localizado nela co fin de promover nese tempo un acercamento a creación de diferentes tipos de textos e ao coñecemento máis achegado da biblioteca.

3 - LIÑAS PRIORITARIAS DA BIBLIOTECA PARA O CURSO 2023 -2024

O Plan de Biblioteca do IES Plurilingüe Fontexería no curso 2023 -2024 forma parte da Programación Xeral Anual e figura como anexo II.

4 - RUTINAS DE LECTURA

- Establecemento da “Hora de ler” por primeira vez no centro. Esta actividade consiste en adicar 10 minutos diarios a ler en tódolos cursos da ESO e FP Básica, a comezo da clase sinalada segundo un calendario previamente establecido.

A persoa responsable da biblioteca, co acordo da dirección, presentará un calendario a comezos de cada trimestre, iniciándose a actividade no mes de outubro. Non se realizará a actividade na semana de exames de final de cada trimestre nin na Semana Cultural.

A hora de clase (1ª,2ª...) estará indicada na sala de profesorado, na biblioteca e no expositor da biblioteca no vestíbulo.

O alumnado poderá traer un libro, revista...da casa ou collela na biblioteca de aula. O profesorado tamén lerá. O profesorado se así o desexa, pode traer un texto seleccionado de acordo coa planificación do plan de lectura do seu departamento ou levar libros da biblioteca e devolvelos despois (non é preciso rexistralos).A final de cada trimestre farase unha avaliación da actividade nas avaliacións parciais e a finais de curso.

- Figuran as establecidas por cada departamento no Anexo I.

5 - RECURSOS HUMANOS

O equipo de biblioteca está constituído polas tres persoas que teñen garda nos recreos e a coordinadora con dúas sesións lectivas. Buscarase a coordinación no equipo e tamén co resto do profesorado do centro, en especial cos titores/as da ESO que son moi importantes para a organización do II Concurso de Lectura en Voz Alta.

Os alumnas que forman o Equipo de biblioteca realizan tarefas de dinamización das actividades propostas desde a biblioteca.

6 - ITINERARIOS LECTORES

Figuran as establecidas por cada departamento no Anexo I.

7 - ACTIVIDADES PROGRAMADAS

Desde a biblioteca colaborarase cas actividades propostas desde calquera departamento, do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, dos Plans Proxecta ou as relacionadas coa Semana Cultural .

- Organizar lecturas públicas na biblioteca con temáticas diferentes comezando neste curso coa actividade "Recreos na biblioteca" coa lectura de relatos de terror .Seguirase animando estas lecturas ligadas a celebracións ou conmemoracións.

- Celebrar o "II Concurso de Lectura en voz alta" xa que no curso pasado tivo moi boa acollida e celebrarase a final na clausura da Semana Cultural.

- Celebración do "Día da Poesía " con lectura de poemas nas clases. A lectura será realizada por alumnado de Bacharelato a poder ser en tódalas linguas que se imparten no centro. Abrirase a posibilidade de participación do profesorado.

- Procurarase que algún autor/a ou ilustrador/a de interese para o alumnado visite a biblioteca.

- Para lograr unha adquisición das competencias clave ademais das actividades adicadas ao fomento da lectura está previstos concursos de escritura promovidos desde o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, a pesar do temor ao uso de aplicacións de intelixencia artificial.

8 - ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS

Procurarase favorecer que os pais e nais contribúan a estimular a lectura dos seus fillos/as no tempo de ocio.

Informarase do desenvolvemento do Plan de Lectura a través de Abalar.

9 – SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Para que o proceso avaliador sexa realmente eficaz teremos que ter en contaos seguintes aspectos:

- a) Atención ao conxunto das variables que inciden na posta en marcha do Plan Anual
- b) Integración da visión aportada polos diferentes axentes que interveñen.
- c) Emprego de ferramentas axeitadas para obter datos cuantitativos e cualitativos.

O equipo de Biblioteca realizará unha avaliación de cada actividade despois de realizada.

Para a observación sistemática utilizaremos os seguintes recursos: índices de lectura a través do préstamo, material creado polo alumnado e a actitude diante da lectura.

Nas avaliacións parciais farase unha avaliación da “Hora de ler”

A partir desta avaliación poderemos tirar conclusións, a necesidade de cambio de estratexias e, sobre todo, a consecución ou non dos obxectivos encamiñados a mellorar a competencia en lectoescritura do alumnado.

ANEXO I : PLAN DE BIBLIOTECA

1- En relación coa organización e xestión:

- Horario: as horas de libre disposición da ESO, que no noso centro están nas linguas nos dous primeiros cursos teñen esa hora reservada na biblioteca así como o Proxecto Competencial e a atención educativa do alumnado que non cursa as ensinanzas de Relixión no Bacharelato. Con isto inténtase crear unha rutina de uso e axudar a dinamización dos recursos da biblioteca. Sempre que sexa posible, e con profesorado de garda ao cargo, no caso de ausencia do profesorado, poderase utilizar a biblioteca como lugar de estudo nos cursos de Bacharelato .
- Difusión de fondos da biblioteca, nos primeiros días de setembro para que se teña en conta na elaboración das programacións das materias .
- Intentar que a biblioteca estea presente en materias que propoñan traballos por proxectos e favorecer o uso dos recursos dos que se dispón de maneira interdisciplinar.
- A biblioteca conta con fondos suficientes e procurarase que o alumnado poida levar como préstamo as lecturas recomendadas das materias e facer compra se é preciso delas actuando así como axente de compensación social.
- Continuarase co expurgo de cursos anteriores.
- Equipamento e mobiliario: volverase a solicitar mobiliario de lectura informal e para a aula creativa. Tamén se mellorará o equipo de son e procurarase conectar o equipo de sobremesa da biblioteca co fin de poder proxectar moito do material audiovisual co que se conta. Procurarase lograr un espazo acolledor que fomente a lectura.
- Reorganización dos expositores pequenos que se centrarán en temáticas concretas.
- Revisarase a sinalética da sala de préstamo para facilitar o acceso do alumnado.
- Procurar fomentar a participación do profesorado nos cursos organizados polo CAFI para o uso da radio escolar.
- A biblioteca será un espazo libre de móbiles.

2 - En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca:

- Estudarase a posibilidade de ampliar as bibliotecas de aula .

- Continuarase coa a divulgación na web e no centro das actividades programadas na biblioteca.
- Buscarase contar coa presenza de escritores ou persoas relacionadas coa ilustración.
- Difusión os fondos utilizando andeis temáticos concretos ou pequenas mesas para difundir fondos: igualdade, emocións, guías de cidades ou países, cómics, publicacións relacionadas con Muros...
- Colaboración con outras bibliotecas especialmente coa do CEIP Ramón de Artaza que é o centro de Primaria adscrito. Como premio dalgún concurso convocado no centro ou por formar parte do equipo da biblioteca procurarase o coñecemento de bibliotecas doutros centros.
- Retomarase a posibilidade de poñer en marcha a radio escolar.
- Haberá un expositor específico para información da biblioteca na entrada principal do centro, procurando que tódolos anuncios sexan realizados por alumnado en colaboración do departamento de Debuxo.
- Colaborarase co EDNL para a realización de actividades conxuntas.
- Tratarase de implicar nas actividades que se programen ao alumnado, ben como integrantes do equipo de apoio ou en pequenos proxectos de deseño de carteis informativos.

3 - En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional.

- Procurase o achegamento do profesorado a biblioteca para que desde comezo de curso sexa xa un elemento a ter en conta na programación das materias e favorecer a alfabetización múltiple.
- Durante o primeiro trimestre e en colaboración co titores/as levarase ao alumnado a coñecer a biblioteca, o sistema de préstamo tanto físico como dixital (E-lbe2).
- Continuarase co equipo de alumnado colaborador e concretaranse as súas funcións.
- O desenvolvemento do Proxecto Competencial dos diferentes cursos da ESO na biblioteca favorecerá a realización de proxectos significativos para o alumnado.

4 – En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto lector do centro:

- O equipo da biblioteca coordinarase cos departamentos do centro para facilitar o desenvolvemento do Plan Anual de lectura.

- Establecemento da “Hora de ler” por primeira vez no centro. Esta actividade consiste en adicar 10 minutos diarios a ler en tódolos cursos da ESO e FP Básica, a comezo da clase sinalada segundo un calendario previamente establecido.

A persoa responsable da biblioteca, co acordo da dirección, presentará un calendario a comezos de cada trimestre, iniciándose a actividade no mes de outubro. Non se realizará a actividade na semana de exames de final de cada trimestre nin na Semana Cultural.

A hora de clase (1ª,2ª...) estará indicada na sala de profesorado, na biblioteca e no expositor da biblioteca no vestíbulo.

O alumnado poderá traer un libro, revista...da casa ou collela na biblioteca de aula. O profesorado tamén lerá. O profesorado se así o desexa, pode traer un texto seleccionado de acordo coa planificación do plan de lectura do seu departamento ou levar libros da biblioteca e devolvelos despois (non é preciso rexistralos).A final de cada trimestre farase unha avaliación da actividade nas avaliacións parciais e a finais de curso.

- Organizar lecturas públicas na biblioteca con temáticas diferentes comezando neste curso coa actividade “Recreos na biblioteca” coa lectura de relatos de terror .Seguirase animando estas lecturas ligadas a celebracións ou conmemoracións.

- Está previsto celebrar o “ II Concurso de lectura en voz alta” no segundo trimestre tendo en conta as propostas de mellora despois de celebrado o primeiro(revisión de rúbrica de lectura, selección de textos...)

- Celebración do “Día da Poesía “ con lectura de poemas nas clases. A lectura será realizada por alumnado de Bacharelato a poder ser en tódalas linguas que se imparten no centro. Abrirase a posibilidade de participación do profesorado.

- Promoveranse diferentes actividades en relación coa escritura como o concurso “Dígocho con Des(amor)” en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

- Procurarase Incrementar a oferta de obradoiros: cómic, narrativa, fotografía..

- Mellorar a difusión de fondos con expositores temáticos que muden a poder ser quincenalmente.
- Poñer en marcha unha “Recollida das palabras perdidas” en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- Colaborar cos Plans Proxecta, cas diferentes dinamizacións e con outras propostas que haxa no instituto no próximo curso.
- Ver de comezar, en colaboración con outros departamentos, algún traballo por proxectos.
- Participar nalgún dos programas que se convocan desde Bibliotecas Escolares.

5- En relación cara a unha biblioteca inclusiva:

- Promoverase o coñecemento dos fondos adaptados por parte do profesorado con alumnado de NEE e de Pedagogía Terapéutica e manterase o contacto co xefe de estudos e a xefa do departamento de Orientación para ter en conta novas adquisicións adaptadas a diversidade do alumnado e a organización de actividades.

6 – Outras actuacións relacionadas con proxectos ou programas nos que está inmerso o centro:

A biblioteca será un espazo aberto a tódalas actividades do centro propostas desde calquera departamento, do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, dos Plans Proxecta ou as relacionadas coa Semana Cultural .

Continuarase coa celebración de actividades relacionadas con diferentes conmemoracións: Día de Rosalía, Día da Muller, Día da Poesía, Día do Libro...

7 – Criterios e procedementos de avaliación:

Os indicadores que se valorarán para analizar o cumprimento do exposto anteriormente son: a cantidade de préstamos realizados e as preferencias en canto aos materiais levados en préstamo, a adecuación das actividades programadas para o fomento de lectura e formación de usuarios e de educación para o acceso á información. Terase en conta así mesmo as achegas nos órganos colexiados de calquera representante da comunidade educativa.

Os instrumentos a utilizar son os informes que proporciona o programa Koha, a valoración das actividades realizadas nas xuntanzas do Equipo de Biblioteca, nas sesións de

avaliación parciais da ESO cando se valore a “Hora de Ler”, na reunión de titores/as da ESO cando conclúa o “II Concurso de lectura en voz alta” e tódalas achegas que se fagan con respecto da biblioteca nas reunións de órganos colexiados.

8 – Persoa responsable da biblioteca escolar

No curso 2023-24 a persoa responsable continúa sendo María José Lago Fiuza. O equipo de apoio estará formado polo profesorado que así o demandou no momento do reparto horario. A biblioteca está a disposición de todo o alumnado durante os dous recreos de toda a semana .

ANEXO II: ACHEGAS DOS DEPARTAMENTOS AO PLAN ANUAL DE LECTURA

Departamento de Educación Física.

- Lectura obrigatoria 10 minutos ao día seguindo a proposta do Plan Lector
- En Educación Física len artigos, leen e resumen apuntamentos e fan exercicios teóricos-prácticos nas clases.
- Descricións escritas sobre exercicios físicos, elaboración de quecementos, adestramentos e volta a calma.
- Lectura e resumos sobre regulamentos de xogos e deportes
- Carteis sobre normas nos recreos, de uso do material, estiramientos...
- Elaboración de carteis informativos sobre torneos, inscricións dos xogadores, actas de xogo...

Departamento de Bioloxía e Xeoloxía.

Actividades relacionadas coa promoción e fomento da lectura:

- Adicaranse 10 minutos diarios a ler en tódolos cursos da ESO e FP Básica, a comezo da clase sinalada segundo un calendario previamente establecido . O alumnado pode traer un libro, revista...da casa ou collela na biblioteca de aula. O profesorado tamén lerá.
- Lecturas de fragmentos de libros divulgación científica en clase e extracción de información dos mesmos.
- Promocionaranse libros de divulgación científica presentes na biblioteca do centro.

Actividades relacionadas coa promoción e fomento da escritura e as habilidades no uso, no tratamento e na produción de información:

- Realización de traballos nos que será preciso a lectura e selección da información.

Departamento de Lingua Castelá e Literatura:

Relación coa biblioteca escolar

En relación co uso da biblioteca escolar, o Departamento ten programado no mes de outubro a visita con todo o alumnado de 1º de ESO para dar a coñecer este espazo e ensinalles a distribución e funcionamento da mesma. Explícaselle como están organizados os libros e, especialmente, o espazo adicado a Literatura española e universal . Tamén se realiza esta actividade sempre que o profesorado que imparta clase nos outros niveis considere que é necesaria para o coñecemento do alumnado deste espazo.

O Departamento está en contacto coa encargada da biblioteca para indicar que libros se porán de lectura obrigada nos distintos niveis coa finalidade de que estean a disposición do alumnado algúns exemplares. Ademais, faranse dende o Departamento suxestións de lecturas que poidan ter interese.

Biblioteca de aula

Nas aulas da ESO dispoñemos de exemplares de dicionarios de maneira permanente nas aulas e poténciase a consulta do dicionario en rede da RAE. Contamos cunha pequena biblioteca de aula en 1º de ESO da que poden facer uso o alumnado como lecturas voluntarias na actividade diaria que comezamos neste curso denominada "Hora de ler".

Rutinas de lectura

Seguindo na mesma liña de potenciación da lectura , leranse en voz alta na aula os textos iniciais das distintas unidades e textos variados dos distintos xéneros literarios.

En ocasións, o profesorado lerá para o alumnado con finalidade lúdica.

Actividades

Entre as actividades relacionadas ca lectura faranse as seguintes:

- Encontro con autores, se é posible, para falar da súa obra.
- Dramatizacións de breves textos teatrais.
- Elaboración de textos propios de distintos xéneros.
- Audicións de poemas recitados polos autores.
- Audicións de poemas musicados por cantautores.
- Escritura dun relato a partir de varias imaxes.
- Elaboración de textos propios con finalidade literaria.

LECTURAS PROPOSTAS

1º ESO

1ª AV: BORRÁS, Alicia: *Nata y chocolate*

2ª : AV Lectura de libre elección do alumnado para a realización dun booktuber.

3ª AV: Elección entre:

- MARTÍN GAITE, Carmen: *Caperucita en Manhattan*

-SIERRA I FABRA, Jordi: *El asesinato de la profesora de Lengua*

-MALLORQUÍ, César: *Las lágrimas de Shiva*

2º ESO:

1ª AV: GÓMEZ CERDÁ, Alfredo: *El rostro de la sombra*

2ª AV: lectura de libre elección do alumnado para la realización dun booktuber

3ª AV: lectura por determinar.

3º ESO

1ª AV: MALLORQUÍ, César: *La catedral*

2ª AV: ORWELL, George. *Rebelión en la granja*

3ª AV: Libro a elegir (booktuber)

4º ESO

1ª AV: BÉCQUER, Gustavo Adolfo: *Leyendas (selección)*

2ª AV: GARCÍA LORCA, Federico: *La casa de Bernarda Alba*

3ª AV: CELA, Camilo José: *La familia de Pascual Duarte*

1º BACH

1ª AV: SÉNDER, Ramón J.: *Réquiem por un campesino español.*

2ª AV: DELIBES, Miguel : *El camino*

3ª AV: Lectura por determinar

2º BACH

1ª AV: GARCÍA LORCA, Federico: *Romancero gitano*

2ª AV: BUERO VALLEJO, Antonio: *La Fundación*

-GARCÍA MÁRQUEZ, Gabriel: *Crónica de una muerte anunciada*

3ª AV: GRANDES, Almudena: *El lector de Julio Verne*

Departamento de Francés.

Por norma xeral, nas clases de Francés segunda lingua estranxeira, traballamos diariamente a lectura das formas seguintes:

- Con textos de lectura semi-auténticos ou auténticos que están acompañados dunha presentación de estratexias de comprensión escrita. Os textos son curtos e as estratexias recomendadas apuntan á lectura rápida: non se pretende esgotar o texto nin comprendelo todo, senón captar rapidamente o sentido xeral antes de pasar a outro para multiplicar as lecturase gañar en motivación.

- Outros textos trabállanse máis en profundidade para habituar o alumnado a formular hipóteses de significado, a analizar a forma, a descubrir os elementos esenciais para comprender, a deducir ou comprobar as hipóteses emitidas. Porén o estudo máis profundo e sistemático do significado dos textos e a análise detallada da forma, empregada en relación co significado, resérvase para 3º da ESO e 4º da ESO.

- A partir de 3º da ESO os textos son máis numerosos, extensos, complexos e apuntan a unha lectura rápida pero segura: seguen sendo prioritarias a lectura funcional e a comprensión esencial do sentido dos textos, pero comezamos a traballar máis en profundidade, buscando unha mellor comprensión dos detalles.

- Poesías, bandas deseñadas e cancións completan os relatos, os textos informativos, as regras dos xogos, etc.

- Facemos tamén numerosos exercicios de lectura en voz alta con comprobación grazas as gravacións que se escoitan a posteriori.

- Máis globalmente, facemos estratexias de lectura e de escoita consecutivas ou simultáneas. Tamén exercicios de tres tipos: a) escoitar e ler ao mesmo tempo, b) escoitar e despois ler a posteriori o que se o.u e entendeu, c) ler silenciosamente e en voz alta, e comparar seguidamente coa gravación.

Todo isto traballando sempre textos relacionados co nivel do alumnado. Pouco a pouco os textos son máis longos e as actividades relacionadas con eles máis complexas.

A nivel de Bacharelato, no primeiro curso traballamos con textos nivel B1. O alumnado dispón de copias en papel, e sempre teñen a versión dixital na Aula Virtual do Centro. A súa tipoloxía é diversa: cartas formais e informais, descrições tanto de persoas coma de monumentos, vilas..., descrições de situacións da vida cotiá, propostas de actividades. Normalmente facemos lectura en voz alta, traballando a fonética, as pausas e entoación. A comprensión realízase respostando a preguntas variadas: QCM, verdadeiro/falso, respostas curtas redactadas polo alumnado...

En 2º de Bacharelato, traballamos fundamentalmente con textos tipo Abau, tanto os temas de anos anteriores coma con textos da actualidade elaborados polas profesoras do Departamento. Deste modo intentamos que o alumnado estea ao tanto do que acontece en Francia ou no mundo francófono. Asemade , os textos serven de base non soamente para as cuestión de comprensión, senón para as relacionadas cos contidos gramaticais da

materia. Os diferentes tipos de lecturas serven tamén para as producións escritas do alumnado.

A metodoloxía é igual que a empregada para o primeiro curso.

Na aula de Audiovisuais, onde impartimos a meirande parte das clases da materia contamos con libros en francés (bandas deseñadas, obras clásicas, lecturas curtas adaptadas e organizadas por niveis) que o alumnado pode coller cando desexe. É o material que tamén poden empregar nos minutos de lectura que iniciamos neste curso 23-24, e do que dispón tamén alumnado con NEE .

Departamento de Tecnoloxía

O Departamento de Tecnoloxía contribuirá ao desenvolvemento do Plan Lector do centro, colaborando en todas as intervencións que se vaian realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas dos talleres coma recursos fundamentais para a súa posta en marcha.

Intentaranse levar a cabo algunha das seguintes medidas:

- Proposta de incorporación e actualización de bibliografía de interese no ámbito científico-tecnolóxico na biblioteca do centro.
- Ademais, desde a área de Tecnoloxía, intentarase levar a cabo na aula propostas de traballo onde xurdan procesos implicados na competencia lectora como as seguintes:
 - Integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos das materias.
 - Actividades de lectura, comprensión e síntese de artigos e textos científicos e técnicos recollidos en libros, revistas, prensa, páxinas web, etc, elixidos polo alumnado ou a/o profesora/or (o alumnado podería elaborar esquemas que lle axudasen a estruturar os temas, servindo estes como ferramenta de aprendizaxe).
 - Organizar a información recollida, elaborar hipóteses, valorar ideas e conceptos.
 - Producir textos, debuxos, presentacións multimedia, etc.
 - Realización de traballos de investigación acerca dos distintos contidos da materia e posterior exposición dos mesmos.
 - Lectura e comprensión de enunciados de exercicios e problemas.
 - Redacción correcta de documentos.

Departamento de Xeografía e Historia

De acordo co Proxecto Lector do centro, estas son as liñas de traballo:

Relación coa Biblioteca Escolar

Estimularase a afección pola lectura aproveitando os fondos da biblioteca do centro, tanto para acceder á lectura informal, como á busca de información específica para o desenvolvemento e a realización de tarefas relacionadas coa materia. Especialmente fomentarse o uso de atlas e cómics.

Biblioteca de Aula

Valorarase a súa creación ó longo do curso en función do que se estableza na “Hora de ler”.

Rutinas de lectura

Dedicarase un tempo mínimo de lectura de viva voz no transcurso das sesións lectivas por parte do alumnado, o que permitirá detectar e corrixir problemas relacionados non só coa capacidade lectora, senón tamén coa comprensiva. O material empregado será sobre todo material teórico e diferentes artigos de prensa o fragmentos de libros.

Evidentemente tamén terán que ler en silencio para solucionar as tarefas encomendadas na aula.

Neste curso dado que se establece a “Hora de ler” intentaremos, unha vez que se consolide a rutina, baixar a biblioteca na 2ª e 3ª.

Itinerarios lectores

Establecerase un conxunto de lecturas variadas recomendadas, relacionadas cos contidos da materia. A realización da tarefa será considerada como instrumento avaliable.

Lecturas recomendadas

Todas as recomendacións atópanse na biblioteca do instituto.

1º ESO : Cómics de contido histórico ou lecturas xuvenís relacionadas coa Idade Antiga.

2º ESO: Cómics de contido histórico ou lecturas xuvenís relacionadas coa Idade Media

3º ESO: Cómics de contido histórico ou lecturas xuvenís relacionadas coa Idade Moderna.

4º ESO: Cómics de contido histórico ou lecturas xuvenís relacionadas coa Idade Contemporánea.

Departamento de Matemáticas

O centro conta cun Proxecto Lector que ten como obxectivo a mellora da competencia lingüística do alumnado e, en particular, da súa expresión oral e escrita. En consonancia con este Plan, o Departamento define as seguintes actividades, que terán un desenvolvemento transversal ao longo de todo o curso e en todos os bloques temáticos, con especial incidencia no Bloque 1 “Procesos, métodos e actitudes en matemáticas”:

- a) Lecturas en voz alta na aula co fin de corrixir os erros de velocidade lectora e de entoación, aproveitando estas sesión para incidir na relación que hai entre as pausa e os signos de puntuación e na comprensión lectora e oral.
- b) Breves exposicións orais coa utilización dun guión sobre o tema a desenvolver. Estas exposicións deberán contar coas fases de elaboración, revisión e corrección, antes da súa exposición e debate, baixo a supervisión do/a profesora ou profesor.
- c) Compresión de textos matemáticos ou científicos a través da lectura de libros, revistas, artigos ou outros medios impresos ou dixitais, clásicos ou de actualidade. Inclúense aquí, xunta á temática científica, outros temas de actualidade relativos á educación en valores consonte o epígrafe 14 desta programación.
- d) Uso do dicionario con valoración das relacións existentes entre as definicións que nel aparecen e o seu significado preciso como termo matemático.
- e) Procura da expresión de enunciados, definicións, propiedades ou teoremas matemáticos en termos diferentes aos que aparecen nos textos ou apuntamentos, con valoración da súa corrección e rigor.
- f) Descrición oral das estratexias e da súa secuenciación para a resolución de problemas ou exercicios matemáticos.
- g) Insistencia na importancia da correcta utilización dos signos matemáticos como linguaxe propia e imprescindible da matemática e da ciencia en xeral.
- h) Elaboración de glosarios de termos matemáticos, erros frecuentes ou recomendacións a respecto da expresión e simboloxía matemática.

Prestarase unha especial atención á corrección dos seguintes aspectos:

- a) Presentación: Imaxe xeral do escrito, marxes, títulos, caligrafía, uso de bolígrafos de cor negra ou azul nos exames, traballos, etc.
- b) Uso do rexistro apropiado a cada situación comunicativa, tanto oral como escrita.
- c) Uso correcto dos signos ortográficos e matemáticos que dan conexión e estruturan os textos.
- d) Corrección ortográfica.
- e) Corrección morfolóxica: concordancia, conxugación verbal ou outros.
- f) Corrección sintáctica: orde correcta dos elementos, evitar excesivas subordinacións...

- g) Corrección léxica: riqueza e precisión, uso do vocabulario específico, uso excesivo de palabras comodín ...

A posta en práctica deste Proxecto Lector implica informar ao alumnado do proceso ao principio do curso, seguimento dos obxectivos do Plan para valorar a súa evolución ou eventual modificación, inclusión no encabezamento de cada exame dun apartado no que se indiquen os aspectos a corrixir ou mellorar, revisar se é o caso dos cadernos do alumnado con indicación dos aspectos que é necesario mellorar e rexistro no caderno da profesora ou profesor das incidencias e evolución individual ou colectiva. Na memoria de final de curso farase unha valoración do rendemento das estratexias empregadas e das posibles propostas de mellora.

Aos efectos de poñer en práctica este Plan, durante o primeiro trimestre do curso elaborárase unha relación de obras existentes na Biblioteca, ás que se engadirán algunhas outras que o Departamento vaia adquirindo, para que sirva de base bibliográfica ao alumnado. Fomentárase que todo o alumnado consulte ao longo do curso algunha destas obras, ben de maneira íntegra, ou ben de xeito parcial (algún capítulo ou sección), e que se faga unha posta en común sobre os contidos consultados, de maneira que todo o alumnado poida participar das impresións do resto das compañeiras e compañeiros do grupo, favorecendo o debate e o contraste de opinións. De ser posible, procurarase que os comentarios máis interesantes poidan ser postos por escrito e publicados en algún medio dixital (Aula Virtual, Galipedia ...).

As obras, que terán un carácter eminentemente divulgativo e accesíbel, tratarán temáticas sobre historia ou actualidade matemática, curiosidades, problemas ... Algunhas delas, de carácter máis profundo, poderán ser tamén recomendadas a aquel alumnado que amose un maior interese ou capacidade, e que poida acometer lecturas máis exixentes.

Terase en conta especialmente a oportunidade de que o alumnado consulte literatura matemática en galego, para contrarrestar así o pernicioso efecto do Decreto do Plurilingüismo, que provocou que as clases de matemáticas deban ser impartidas en castelán, de maneira que no ensino secundario unha materia como a Matemática fiquese secuestrada ao idioma galego, con consecuencias directas como, entre outras, a desaparición das publicacións didácticas (libros de texto, actividades EDIXGAL ou outras) de Matemáticas en galego.

Estas dinámicas contemplarán ademais a posibilidade de realizar visitas á Biblioteca e desenvolver alí actividades propias da materia.

Departamento de Debuxo.

-Actividades relacionadas coa promoción e fomento da lectura:

Proporase ao alumnado a lectura voluntaria de calquera libro que se atope na biblioteca do centro (pódese comprar/buscar un libro por conta propia noutro lugar) e a libre elección do alumnado, con calquera destas temáticas:

- cómic
- biografías de artistas
- deseño
- xeometría
- humor gráfico...

Despois, os alumnos/as terían que realizar un traballo escrito respondendo ás cuestións establecidas pola profesora acerca da lectura e poderían sumar ata 1 punto, á cualificación final do trimestre no que se realice a tarefa.

-Actividades relacionadas coa promoción e fomento da escritura e as habilidades no uso, no tratamento e na produción de información:

Lectura de textos con temáticas relacionadas coa arte, o deseño, a xeometría, a publicidade, o mundo audiovisual, viñetas gráficas...e que teñan relación coa unidade que estemos a traballar. As actividades que se farán en relación con estes textos poderán ser:

- Fill the gap (encher ocos baleiros). Neste tipo de tarefas traballarase tamén a escoita.
- Desenvolver unha opinión escrita acerca dos textos.
- Analizar e facer unha crítica das mensaxes publicitarias.
- Análise de artigos en prensa, revistas, redes sociais...
- Calquera outro tipo de actividade que se poida deseñar ó longo do curso, en función das necesidades do alumnado e das casuísticas que poidan acaecer.

Departamento de Filosofía.

Actividades relacionadas coa promoción e fomento da lectura:

O departamento de filosofía colabora no Plan Anual Lector do IES Plurilingüe Fontexería ofertando ao alumnado a seguinte listaxe de lecturas. Debido á carga de traballo do alumnado, o departamento non as considera obrigatorias pero sí recomendables e con valor sobre a porcentaxe da nota final (10%) .

A listaxe está dividida en tres amplos grupos temáticos que a grandes trazos correspóndense co contido das tres avaliacións. Para os alumnos de 2º de bacharelato as lecturas serán das obras dos filósofos incluídos no *currículum*.

O INDIVIDUO E A SOCIEDADE	
1er TRIMESTRE	<p>El mundo de Sofía, J.Gaarder, Ed Siruela, 1194</p> <p>Fedon, Fedro ou O Banquete, Platón, Edaf, Madrid, 1985</p> <p>Las dos muertes de Sócrates, I.García-Valiño, Alfaguara, Madrid, 2003</p> <p>La caverna de las ideas, J.C.Somoza, Punto de Lectura, Madrid, 2007</p> <p>La caverna, J.Saramago, Punto de Lectura, Madrid, 2007</p> <p>Aristóteles y los secretos de la vida, M.Doody, Altaya, Barcelona, 2007</p> <p>Fuego en el paraíso, Salvat, Barcelona, 1994</p> <p>Identidades asesinas, A.Maalouf, Alianza, Madrid, 2012</p> <p>O curioso incidente do can a medianoite, M.Haadon, Salamandra, Barcelona, 2004</p> <p>Contacto, C.Sagan, Planeta, Barcelona, 2001</p> <p>De Arquímedes a Hawking, C.Pickover, Crítica, Barcelona, 2008</p> <p>O nome da rosa, U.Eco, Ed Lumen, 1980</p> <p>El Unicornio, M.Mujica Láinez, Seix Barral, Barcelona, 2000</p>
2º TRIMESTRE	<p>El Príncipe, N.Maquiavelo, Ariel, Barcelona, 2013</p> <p>La última confesión, M.West, Círculo de Lectores, Barcelona, 2003</p> <p>A nova Atlántida, F.Bacon, Ed Losada, Argentina</p> <p>Utopía, T.Moro. Ariel, Barcelona, 2013</p> <p>La vida es sueño, P.Calderón de la Barca, Vicens Vives, Barcelona, 2007</p> <p>Los viajes de Gulliver, J.Swift, Espasa-Calpe, Madrid, 2007</p> <p>1984, G.Orwell, Herder, Barcelona, 2017</p> <p>Un mundo feliz, A.Huxley, Cátedra, Madrid, 2013</p> <p>Johnny cogió su fusil, D.Trumbo, Aleph, Barcelona, 2005</p> <p>Ética para Amador, F.Savater, Ariel, Barcelona, 1991</p>
3er TRIMESTRE	<p>Germinal, E.Zola, Espasa-Calpe, Madrid, 2005</p> <p>Ecce Homo, Nietzsche.F, Losada, Barcelona, 2004</p> <p>A Metamorfosis, Kafka.F, Alianza, Madrid, 2001</p> <p>Rebelión na granxa, G.Orwell, Debolsillo, Barcelona, 2007</p>

<p>El anillo de los filósofos, R.Collins, Valdemar, Madrid, 2008</p> <p>El Extranjero, A.Camus, Factoría de Ideas, Madrid, 2006</p> <p>La náusea, J.P.Sartre, Espasa-Calpe, Madrid, 1980</p> <p>O señor das moscas, W.Golding, Faber & Faber, 1954</p> <p>Lo pequeño es hermoso, un estudo de la economía como si la gente importara, E.F.Schumacher, Akal, Madrid, 2011</p> <p>Economía de la Edad de Piedra, M.Sahlins, Akal, Madrid, 1987</p>
--

Actividades relacionadas coa promoción e fomento da escritura e as habilidades no uso, no tratamento e na produción de información:

O departamento de filosofía colabora no Plan Anual Lector do IES Fontexería traballando lecturas de sesgo filosófico, antropolóxico ou sociolóxico. As lecturas distribúense por cursos da seguinte maneira:

3ºESO	<p>Trabállanse textos fundamentalmente de enfoque ético ao longo de todo o curso.</p> <p>As poucas sesións de que dispón a materia non permite lecturas de libros completos en clase pero cada UD leva adxunta textos a comentar.</p>
4ºESO	<p>Unha das tres sesións semanais está adicada ao <i>Obradoiro ético-crítico</i>. Nel trabállanse contidos éticos e sociais introducidos a través de todo tipo de formatos (música, vídeos, curtametraxes, <i>spots</i> publicitarios, textos breves), con unha visión crítica e proactiva. O traballo leva sempre unha fase final de recollida de datos e reflexión en fichas escritas.</p>
1ºBACH	<p>Todo o contido deste curso ven sempre acompañado de fragmentos de texto axeitados ao contido impartido. Os textos son de lectura obrigatoria e faise unha selección para realizar comentarios de texto filosófico.</p>
Hª da Filo. (2º Bach)	<p>O curso está dividido en parte teórica (contidos) e práctica (realización de CTF)</p>
Psicoloxía (2º Bach)	<p>Os contidos do <i>curriculum</i> son complementados con textos de temática psicolóxica, científica-biolóxica, sociolóxica ou antropolóxica que da sentido á parte teórica. Tamén realizase Cts.</p>

Departamento de Lingua Galega e Literatura

O Proxecto Lector do Centro é unha das ferramentas para o desenvolvemento da destreza lectora do alumnado. Dado o carácter instrumental directo da lectura, esta é un instrumento esencial para todo tipo de aprendizaxes no marco académico e curricular.

Trátase de conseguir lectores e lectoras competentes, capaces de interpretar, reformular, comunicar, valorar e emitir xuízos críticos sobre o que len.

Tanto na programación didáctica e curricular da ESO como na do Bacharelato, o Departamento de Lingua e Literatura contempla diversas medidas e actividades para potenciar a capacidade e a comprensión lectoras, para o fomento do hábito de lectura: como fonte de gozo e enriquecemento persoal, como ferramenta para a ampliación dos coñecementos e a mellora da propia expresión e para o uso crítico da información obtida mediante lectura.

Para cada curso e nivel están establecidas unha serie de lecturas complementarias, pero ademais hai numerosas actividades, no contexto das clases, para o desenvolvemento dos contidos do currículo, en cada curso e nivel, en base á lectura, comentario e comprensión crítica de todo tipo de textos (literarios, administrativos, xornalísticos, etc.).

Como estratexias de aprendizaxe lectora contémpase a lectura en voz alta, o recitado e a lectura dramatizada.

Relación coa Biblioteca Escolar

Aprovéitanse os recursos da Biblioteca, de xeito que, por exemplo, a práctica totalidade das obras de lectura propostas, están a disposición do alumnado nesa dependencia. Do mesmo xeito, poténciase o seu uso como centro de documentación a disposición do alumnado para preparar traballos, facer consultas, obter datos etc. relacionados coa materia de Lingua Galega e Literatura.

Biblioteca de Aula

Todas as aulas do centro están dotadas con un dicionario.

Tamén dispomos de biblioteca de aula nos grupos de 1º ESO. O obxectivo desta actividade é que os máis cativos escollan as súas lecturas, segundo os seus gustos e preferencias. Os profesores/as imos adicar unha sesión semanal á lectura en voz alta e a comentar as distintas lecturas expostas nas vitrinas.

Rutinas de lectura

As intervencións que se van realizar desde o noso Departamento en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, foron deseñadas a partir da información que a Avaliación Inicial de cursos anteriores nos proporcionou.

Así, acordamos realizar as seguintes intervencións e/ou actividades:

1. A lectura e a escritura na aula: urxe tomar mediadas especialmente en 1º ESO e en 2º ESO. Nestes cursos vaise dedicar unha sesión lectiva á semana, exclusivamente para realizar lecturas expresivas e comprensivas na aula, guiadas sempre pola profesora. Ademais, como no resto dos cursos, cada sesión lectiva contará coa lectura e o comentario dun texto que servirá de referencia, exemplo ou instrumento para as explicacións dos contidos curriculares.

2. O dicionario persoal como recurso informativo: fomentárase o uso do dicionario na aula e na casa, tratando sempre de parafrasear as definicións do dicionario ou servíndose das propias palabras para explicar esas definicións. Por outra banda, con distinto grao de profundidade segundo o curso, tratarase de que o alumno/a elabore un dicionario persoal a través do vocabulario novo que vaia adquirindo, para facerse dono del e posteriormente sexa quen de reutilizalo.

Lecturas recomendadas

Para cumprir os obxectivos que se fixan no Decreto 133/2007 sobre o fomento da lectura, en cada curso de ESO os alumnos lerán un mínimo de tres obras tal como figura na programación de cada nivel.

En 1º e 2º de ESO dedicarase unha hora semanal á lectura destas obras, así como a traballar vocabulario específico de cada unha delas.

Nos cursos restantes a lectura realizarana os alumnos nas súas casas ou na biblioteca, aínda que se dedicará unha sesión a contextualizar a obra de cara a unha mellor comprensión por parte do alumnado. No prazo que se lles dea para lela, o profesorado dedicará unha vez por semana o tempo que sexa necesario a resolver posíbeis dúbidas dos alumnos.

Para potenciar a capacidade lectora, leranse en voz alta na aula tanto os textos iniciais das distintas unidades como os distintos tipos de textos (argumentativos, científicos, descritivos, narrativos...) que se usan como modelos.

Ademais dos textos obrigatorios, co obxectivo de potenciar a lectura entre o alumnado, poderase realizar a lectura voluntaria de un ou dous libros, que computará na cualificación final de cada avaliación (máximo 1 punto).

Para valorar esa lectura voluntaria o alumnado realizará unha exposición oral, na que analizará os aspectos máis importantes da obra, así como unha valoración persoal da mesma.

LECTURAS POR TRIMESTRE

1º ESO.-

1ª avaliación

- Pere Tobuarela: *O asasinato da profesora de xeografía*

2ª avaliación:

- Marina Mayoral: *Tristes armas*

3ª avaliación:

- Fina Casalderrey: *Prohibido casar, papá.*

2º ESO.-

1ª avaliación

- Castelao: *Os vellos non deben namorarse.*

2ª avaliación

- Francisco Castro: *O neno can.*

3ª avaliación

- *Fóra do normal.*

Lecturas voluntarias.-

Docampo: *O misterio das badaladas.*

Ledicia Costas: *O corazón de Xúpiter*

Fernández Paz: *Cartas de inverno.*

R. Caride: *A mazá na Antártida.*

Marcos Calveiro: *Centauros do norte.*

LECTURAS POR TRIMESTRE

3º ESO.-

1ª avaliación

- Eva Mejuto: *22 segundos.*

2ª avaliación

- Andrea Maceiras: *O que sei do silencio.*

3ª avaliación

- Ledicia Costas: *O corazón de xúpiter.*

Lecturas voluntarias:

- Domingo Villar: *Ollos de auga.*

- Fran Alonso: *Cartas de amor.*

- F. Paz: *Corredores de sombras.*

- C. Blanco: *Berta.*

- Carlos Negro: *Makinaria*
- Rosalía de Castro: *Cantares gallegos*.

LECTURAS POR TRIMESTRE

4º ESO.-

1ª avaliación

- Eva Mejuto: *Memoria do silencio*.

2ª avaliación

- Marilar Aleixandre: *A cabeza de medusa*.

3ª avaliación

- Concha Blanco: *Nano*.

Lecturas voluntarias

- Marilar Aleixandre: *Rúa Carbón*.
- Manuel Rivas: *Todo ben*.
- María López Sández: *O faro escuro*.

LECTURAS POR TRIMESTRE

1ª bacharelato.-

1ª avaliación

- Sechu Sende: *Made in Galiza*.

2ª avaliación

- Castelao: *Cousas*.

3ª avaliación

- Marilar Alñeixandre: *Unha presa de terra*.

Lecturas voluntarias

- Manolo Portas: *Faneca brava*.
- X: Fernández ferreiro: *Millo verde*.
- Xulia Alonso: *Futuro imperfecto*.

LECTURAS POR TRIMESTRE

2º Bacharelato

En 2º de bacharelato non é obrigatoria a lectura por trimestre. Con todo propóñense os seguintes títulos para aqueles alumnos que desexen ler de maneira voluntaria.

- Castela: *Os dous de sempre, Cousas, Retrincos*, 1º libro de *Sempre en Galiza*
- O. Pedrayo: *Arredor de si*.
- Risco: *O porco de pé*.
- C. Casares: *Vento ferido*.
- B. Amor: *Os biosbardos*.
- Ferrín: *O crepúsculo e as formigas*.
- Celso E. Ferreiro: *Longa noite de pedra*.
- Xosé H. Costas: *55 mentiras sobre a lingua galega*.
- Xelís de Toro: *Non hai misericordia*
- Fran Alonso: *Cemiterio de elefantes*.

Departamento de Inglés

-Actividades relacionadas coa promoción e fomento da lectura:

Lectura do libro: “**Robin Hood**”, *John Escott*, Oxford Bookworms Starters, ISBN: 9780194234160

-Actividades relacionadas coa promoción e fomento da escritura e as habilidades no uso, no tratamento e na produción de información:

Lectura de textos de calquera índole relacionados coa unidade a estudar durante o transcurso do ano escolar. As actividades que se farán en relación con estes textos poderán ser:

- Fill the gap (encher ocos baleiros). Neste tipo de tarefas traballárase tamén a escoita.
- Desenvolver unha opinión escrita acerca dos textos.
- Análise de artigos en prensa, revistas, redes sociais...
- Calquera outro tipo de actividade que se poida deseñar ó longo do curso, en función das necesidades do alumnado e das casuísticas que poidan acaecer.

Departamento de Física e Química

Recomendará a lectura ao alumnado dos seguintes libros:

- ¿A qué altura está el cielo? - Autor: Jorge Mira
- El bosón de Higgs no te va a hacer la cama: La física como nunca te la han contado. - Autor: Javier Santaolalla.
- Desayuno co partículas: La ciencia como nunca antes te la han contado. - Autora: Sonia Fernández Vidal.
- La puerta de los tres cerrojos. - Autora: Sonia Fernández Vidal.

Departamento de Latín

1. Relación coa Biblioteca Escolar

LATÍN (4º ESO), LATÍN I (1º BAC)

As pequenas investigacións que os alumnos deben levar a cabo de maneira subseguinte ao visionado de fragmentos non significativos da serie *Roma* desenvolveranse, polo menos a metade das veces, na Biblioteca escolar, onde os estudantes deberán botar man dos diferentes recursos que nela se atopan, tanto en formato libro en papel como en formato dixital.

LATÍN II (2º BAC)

A primeira Unidade Didáctica, que trata, entre outros temas, a transmisión dos textos latinos ao longo da Historia, ha requirir varias visitas á Biblioteca escolar para consultar os fondos relativos a ese tema: historia do libro, as bibliotecas, do traballo dos copistas medievais, etc. Por outra banda, e en relación cos xéneros literarios abordados durante o curso, realizaremos na Biblioteca escolar a lectura dos textos ilustrativos se atopan na libreta *Latinitas Nostra II*; a utilización deste espazo permitirá, no desenvolvemento da aprendizaxe deste eido da materia, ampliar coñecementos, se é o caso, empregando tamén os seus recursos.

GREGO II (2º BAC)

As Unidades Didácticas máis dedicadas ós xéneros literarios gregos , as sesións de lectura dos anacos seleccionados poderán realizarse, case todas elas, na Biblioteca, co fin de ter ocasión de realizar pequenas investigacións sobre os autores e obras, e tamén de manexar os volumes das obras ás que pertencen os fragmentos seleccionados, para obter un contexto máis axeitado dos mesmos.

2. Biblioteca de Aula

LATÍN (4º ESO), LATÍN I (1º BAC), LATÍN II (2º BAC), GREGO II (2º BAC)

Xa que a maior parte das sesións se desenvolven nunha aula temática (“Aula de Humanidades”), consideramos oportuno crear unha pequena biblioteca de aula, na que se pode atopar material didáctico (libros de texto, libros de exercicios, xogos educativos, reproducións de material antigo, etc.), textos latinos, e tamén libros divulgativos sobre o Mundo Clásico.

3. Rutinas de lectura

LATÍN (4º ESO)

Como xa quedou indicado na Programación, cada Unidade Didáctica inclúe a lectura e análise de fragmentos da *Eneida* de Virxilio. Esa lectura farase de xeito compartido, na Aula de Humanidades ou na Biblioteca escolar. As estratexias de comprensión da lectura serán tamén compartidas, pois alumnos deberán explicar as súas sensacións sobre o texto, e tamén intentar investigar, maiormente na rede internet, para aclarar aqueles aspectos do fragmento que lles resulten difíciles de asimilar.

LATÍN I (1º BAC), LATÍN II (2º BAC), GREGO II (2º BAC)

Todas as Unidades Didácticas inclúen textos, de tipo informativo, e algunhas delas tamén literarios. As estratexias de comprensión da lectura serán compartidas: todos os rapaces, ao longo do curso, farán prácticas de lectura de viva voz e serán interpelados sobre aspectos relativos á comprensión do texto. Os problemas que se detecten deberán ser solucionados mediante investigacións, o menos guiadas posible por parte do docente, coa intención de acadar unha asimilación completa dos textos en cuestión.

4. Itinerarios lectores

LATÍN (4º ESO)

Para este curso, propoñemos o seguinte:

- I. CÉSAR, G. J.; *Guerra de las Galias*, Gredos, 1996 (Libro I, cap. 1), que leva a
- II. GOSCINNY, R. & UDERZO, A.; *Astérix en Bélgica*, Grijalbo/Dargaud, 1996, que leva a
- III. SHAKESPEARE, W.; *Julio César*, Espasa, 1995 (escenas escollidas), que leva a
- IV. MANFREDI, V. M.; *Los idus de marzo*, Random House Mondadori, 2009

LATÍN I (1º BAC)

Para este curso, propoñemos o seguinte:

- I. GOSCINNY, R. & UDERZO, A.; *Astérix gladiador*, Grijalbo/Dargaud, 1996, que leva a
- II. FAST, H.; *Espartaco*, Edhasa, 2003, que leva a
- III. TONER, J.; *Sesenta millones de romanos*, Crítica, 2012 (capítulos escollidos), que leva a

IV. MATYSZAK, P.; *La antigua Roma por cinco denarios al día*, Akal, 2012

LATÍN II (2º BAC)

Para este curso, propoñemos o seguinte:

I. FERRI, J-Y. & CONRAD, D.; *El papiro del César*, Bruño, 2012, que leva a

II. REYNOLDS, L. D. & WILSON, N. G.; *Copistas y filólogos*, Gredos, 1986 (capítulos escollidos), que leva a

III. ECO, U.; *El nombre de la rosa*, Lumen, 1985, que leva a

IV. BRADBURY, R.; *Fahrenheit 451*, Minotauro, 2007

GREGO II (2º BAC)

I. ETIENNE, R. & F.; *La antigua Grecia. Historia de la arqueología helenística*, Ediciones B, que leva a

II. IRIGOYEN, R.; *Las anécdotas de Grecia. Macedonia de humor*, Planeta, que leva a

III. KAVAFIS, K.; *Poesías completas*, Hiperión, que leva a

IV. MOIX, T.; *El sueño de Alejandría*, Planeta

5. Actividades (programadas e/ou puntuais)

LATÍN (4º ESO), LATÍN I (1º BAC), LATÍN II (2º BAC), GREGO II (2º BAC)

Temos a intención de que, polo menos, algúns rapaces participen na vindeira edición do concurso *Odisea*, organizado pola SEEC. De ser así, os alumnos que se inscriban serán orientados en relación co respecto ás bases do certame e, sobre todo, en relación co uso axeitado dos medios que teñen á súa disposición para atopar as contestacións ás preguntas. Deste xeito, será esta unha contribución máis á alfabetización informacional (ALFIN) dos nosos estudantes.

Por outra banda, e se a Biblioteca escolar organiza este ano unha actividade de lectura itinerante de poesía, que xa en anos anteriores se levou a cabo (*Aulas en Verso*), intentaremos contribuír animando ós alumnos desta materia a que seleccionen algún fragmento da *Eneida* que particularmente lles chamase a atención, e o empreguen para sumarse á actividade.

6. Lecturas recomendadas

LATÍN (4º ESO)

- Calquera cómic da serie Astérix.

- A serie completa de novelas de Harry Potter

- ANGELA, A.; *Un día en la antigua Roma. Vida cotidiana, secretos y curiosidades*, La Esfera de los Libros, Madrid, 2009

- DEARY, T.; *Esos depravados romanos*, Molino, Barcelona, 2000
- HARRIS, R.; *Pompeya*, Random House Mondadori, Barcelona, 2005
- JOHNSTON, Harold W.; *La vida en la antigua Roma*, Alianza, Madrid, 2010
- LAURENCE, R.; *Guía del viajero a la Antigüedad. Roma en el año 300*, Océano, Barcelona, 2009.
- MANFREDI, V. M.; *Los idus de marzo*, Random House Mondadori, Barcelona, 2009
- MENDOZA, E.; *El asombroso viaje de Pomponio Flato*, Seix Barral, Barcelona, 2008
- ROBERT, J.-N.; *Los placeres en Roma*, Edaf, Barcelona, 1992

LATÍN I (1º BAC)

- Calquera cómic da serie Astérix.
- A serie completa de novelas de Harry Potter
- ASIMOV, I.; *La República Romana*, Alianza, Madrid, 1994
- ASIMOV, I.; *El Imperio Romano*, Alianza, Madrid, 1994
- BULWER-LYTTON, E.G.; *Los últimos días de Pompeya*, Barcelona, 1995
- FAST, H.; *Espartaco*, Edhasa, 2003
- FOLLETT, K.; *Los pilares de la Tierra*, Random House Mondadori, 1990
- GRAVES, R.; *Yo, Claudio*, Alianza, Madrid, 1994
- GRAVES, R.; *Claudio, el dios, y su esposa Mesalina*, Alianza, Madrid, 1989
- HARRIS, R.; *Pompeya*, Random House Mondadori, Barcelona, 2005
- HARRIS, R. *Imperium*, Random House Mondadori, 2008
- JOHNSTON, h. W.; *La vida en la antigua Roma*, Alianza, Madrid, 2010
- KAVAFIS, K.; *Poesías completas*, Hiperión, 1997
- *La sabiduría de Marco Aurelio*, Anaya, 1994 [ou calquera web onde se atope o texto das *Meditacións*, como http://www.imperivm.org/cont/textos/txt/marco-aurelio_meditaciones.htm]
- MATYSZAK, P.; *La antigua Roma por cinco denarios al día*, Akal, Madrid, 2012
- MENDOZA, E.; *El asombroso viaje de Pomponio Flato*, Seix Barral, Barcelona, 2008
- TONER, J.; *Sesenta millones de romanos*, Crítica, Barcelona, 2012 (capítulos escollidos), que leva a
- WILDER, T.; *Los idus de marzo*, Alianza, Madrid, 1994

LATÍN II (2º BAC)

- Calquera cómic da serie Astérix.

- A serie completa de novelas de Harry Potter
 - ASIMOV, I.; *La República Romana*, Alianza, Madrid, 1994
 - ASIMOV, I.; *El Imperio Romano*, Alianza, Madrid, 1994
 - BRADBURY, R.; *Fahrenheit 451*, Minotauro, Barcelona, 2007
 - BULWER-LYTTON, E.G.; *Los últimos días de Pompeya*, Barcelona, 1995
 - ECO, U.; *El nombre de la rosa*, Lumen, Barcelona, 1985
 - FAST, H.; *Espartaco*, Edhasa, 2003
 - FOLLETT, K.; *Los pilares de la Tierra*, Random House Mondadori, 1990
 - GRAVES, R.; *Yo, Claudio*, Alianza, Madrid, 1994
 - GRAVES, R.; *Claudio, el dios, y su esposa Mesalina*, Alianza, Madrid, 1989
 - HARRIS, R.; *Pompeya*, Random House Mondadori, Barcelona, 2005
 - HARRIS, R. *Imperium*, Random House Mondadori, 2008
 - JOHNSTON, h. W.; *La vida en la antigua Roma*, Alianza, Madrid, 2010
 - KAVAFIS, K.; *Poesías completas*, Hiperión, 1997
 - *La sabiduría de Marco Aurelio*, Anaya, 1994 [ou calquera web onde se atope o texto das *Meditacións*, como http://www.imperivm.org/cont/textos/txt/marco-aurelio_meditaciones.htm]
 - MATYSZAK, P.; *La antigua Roma por cinco denarios al día*, Akal, Madrid, 2012
 - MENDOZA, E.; *El asombroso viaje de Pomponio Flato*, Seix Barral, Barcelona, 2008
 - REYNOLDS, L. D. & WILSON, N. G.; *Copistas y filólogos*, Gredos, Madrid, 1986
 - TONER, J.; *Sesenta millones de romanos*, Crítica, Barcelona, 2012 (capítulos escollidos), que leva a
 - WILDER, T.; *Los idus de marzo*, Alianza, Madrid, 1994
- GREGO II (2º BAC)
- ASIMOV, I.; *Los griegos*, Alianza, Madrid
 - CRESCENZO, L. de.; *Los mitos de los dioses*, Seix Barral, que leva a
 - CRESCENZO, L. de.; *Los mitos de los héroes*, Seix Barral
 - ETIENNE, R. & F.; *La antigua Grecia. Historia de la arqueología helenística*, Ediciones B, Barcelona
 - GARCÍA-GUAL, C.; *Los siete sabios (y tres más)*, Alianza, Madrid
 - GRAVES, R.; *La guerra de Troya*, Muchnik, Barcelona
 - HOMERO; *La Ilíada* (adaptación a banda deseñada), Marvel
 - IRIGOYEN, R.; *Las anécdotas de Grecia. Macedonia de humor*, Planeta, Barcelona

- KAVAFIS, K.; *Poesías completas*, Hiperión, 1997
- LÓPEZ MELERO, R.; *Así vivían en la Grecia antigua*, Anaya, Madrid
- MOIX, T.; *El sueño de Alejandría*, Planeta, Barcelona

7. Seguimento e avaliación

LATÍN (4º ESO), LATÍN I (1º BAC), LATÍN II (2º BAC), GREGO II (2º BAC)

Contra o final do curso realizaremos unha breve enquisa entre o alumnado para comprobar o grao de aceptación das actividades e rutinas de lectura propostas. Máis concretamente, deberán valorar os seguintes apartados, de 1 a 5:

- As lecturas e rutinas propostas parecerónme estimulantes.
- As lecturas e rutinas propostas abriron novas portas ao meu coñecemento.
- Sinto que a miña comprensión lectora mellorou desde o inicio de curso ata agora.
- Sinto interese por ler máis libros ou textos relacionados coa materia.

Departamento de Música

O Departamento de Música no **curso 2023- 2024** fará as seguintes lecturas e recomendará ao alumnado a lectura dalgúns dos seguintes libros:

2ºESO

Tipos de lecturas

Lecturas para escoitar (lectura en voz alta por parte do profesorado)

Leranse as letras das cancións e as traducións das mesmas. Ocasionalmente leranse biografías dos compositores ou autores máis importantes.

Lecturas guiadas. Textos literarios

Non hai propostas de lecturas obrigatorias en ningún dos niveis.

Lectura extensiva: propostas abertas de lectura. Textos literarios, informativos...

Para 2º da ESO:

La música popular en el siglo XX, Akal, 2001.

Tierra de músicas, Fuzeau, 2003.

John Lennon, Rueda, 2000.

El jazz y su historia, Malsinet Editor, 2006.

El rock y su historia, Malsinet Editor, 2006.

El mundo de los instrumentos desde los orígenes hasta nuestros días, Fuzeau, 2005.

Por outra parte, propóñense unha serie de títulos como lecturas complementarias recomendadas que poderán ir adquiríndose durante o curso para a biblioteca escolar:

Verdi o la fuerza del sino y otros relatos sobre músicos, Alpuerto, 2005.

Cuentos de música y músicos, Akal, 2003.

Por qué Beethoven tiró el estofado, y muchas más historias acerca de las vidas de grandes compositores, Colección Musicalis Scherzo, 2008.

El Stradivarius perdido, Valdemar, 2000.

El violín de Auschwitz, Alfaguara, 2007.

La ópera secreta. Mozart y la partitura Masónica, Suma de Letras, 2007.

La historia del mundo en nueve guitarras, Siruela, 1997.

El afinador de pianos, Editorial Quinteto, 2004.

El enigma Vivaldi, Editorial Debolsillo, 2005.

El síndrome de Mozart, SM, 2006.

Mi sangre, mi alma, el amor imposible de Mozart, Irreverentes Ediciones, 2006.

El blues del detective inmortal, Edebé, 2006.

3º, 4º da ESO, 1º e 2º de BACH

Tipos de lecturas

Lecturas complementarias, textos informativos.

En 3º, 4º ESO, 1º e 2º de BACH levaranse ás clases artigos de xornais e revistas (de opinión, crónicas, críticas musicais...)

Lecturas para escoitar (lectura en voz alta por parte do profesorado)

Leranse as letras das cancións e as traducións das mesmas en 3º, 4º da ESO e 1º e 2º de BACH. Ocasionalmente leranse biografías dos compositores ou autores máis importantes.

Lecturas guiadas. Textos literarios.

Non hai propostas de lecturas obrigatorias en ningún dos niveis.

Lectura extensiva: propostas abertas de lectura. Textos literarios, informativos...

1. A Música Clásica, Lóstrego, 2001.
2. Mozart, un genio musical, Planeta, 2006.
3. Danzas del mundo, CCS, 1999.

4. Carmen, Hipótesis, 2009.

5. Así como suena, Ma non Troppo, 2001.

6. El violín negro, Ediciones del Laberinto, 2012.

7. Ball, Philip: El instinto musical. Escuchar, pensar y vivir la música., Turner publicaciones, S.L., 2010

PARTITURAS para todos os niveis:

1. Guitarra para Dummies, Granica, 2007.

2. Lo mejor del Canto del Loco, NuevaCarish España, 2001.

3. Norah Jones, The Piano Songbook, NuevaCarish España, 2008.

4. La Oreja de Van Gogh. Grandes Éxitos, NuevaCarish España, 2005.

5. Absolute Greatest (Queen), Faber Music, 2009

6. Lo mejor de Pereza, Nueva Carish España, 2009.

7. The boywhokneew too much (Mika), HalLeonard, 2009.

Por outra parte, propóñense unha serie de títulos como lecturas complementarias recomendadas que poderán ir adquiríndose durante o curso para a biblioteca escolar:

1. Suite oriental y otros relatos sobre músicos. Alpuerto, 2005.

2. Verdi o la fuerza del sino y otros relatos sobre músicos, Alpuerto, 2005.

3. Cuentos de música y músicos, Akal, 2003.

4. Por qué Beethoven tiró el estofado, y muchas más historias acerca de las vidas de grandes compositores, Colección Musicalis Scherzo, 2008.

5. El Stradivarius perdido, Valdemar, 2000.

6. El violín de Auschwitz, Alfaguara, 2007.

7. La ópera secreta. Mozart y la partitura Masónica, Suma de Letras, 2007.

8. La historia del mundo en nueve guitarras, Siruela, 1997.

9. El afinador de pianos, Editorial Quinteto, 2004.

10. El enigma Vivaldi, Editorial Debolsillo, 2005.

11. La última cantiga, Editorial Ledoira, 2005.

12. El síndrome de Mozart, SM, 2006.

13. Mi sangre, mi alma, el amor imposible de Mozart, Irreverentes Ediciones, 2006.

14. Concierto en sol mayor, La Galera, 1997.

15. El asesino del Sgt. Pepper's, Edebé, 1998.

16. El blues del detective inmortal, Edebé, 2006

17. Gelinek, Joseph: La décima sinfonía, Nuevas ediciones de bolsillo, 2016.

18. Gelinek, Joseph: El violín del diablo, Nuevas ediciones de bolsillo, 2010.

19. Gelinek, Joseph: Las dos muertes de Mozart, Nuevas ediciones de bolsillo, 2019.

Departamento de Economía

É un obxectivo fundamental destas materias **acostumar aos alumnos a ler** artigos de prensa, comentarios e libros con contidos económicos, empresariais e tecnolóxicos. Son varios os motivos:

- Melloran a motivación do alumnado favorecendo, traballando con contidos e actividades adaptados ao nivel real de posibilidades.
- Permiten empregar metodoloxías didácticas máis activas e motivadoras, nas que o máis importante é o traballo autónomo do alumnado, tanto de maneira individual como en grupos pequenos, e aproveita estas situacións para dar unha mellor resposta á diversidade dentro do propio grupo.
- Establece relacións entre os contidos das distintas materias tanto do mesmo ámbito como de ámbitos distintos, como forma de conseguir unha aprendizaxe máis significativa e máis útil para a vida.
- Promove aprendizaxes máis prácticas, reais e funcionais vinculando as actividades de aprendizaxe co contorno, potenciando as actividades de investigación, etc.

Neste apartado recóllense a planificación do traballo para o fomento da lectura co que esta materia pretende contribuír a mellorar a coñecemento técnico e a acadar os seguintes **obxectivos**:

- Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- Formar lectores competentes.
- Potenciar a comprensión lectora en relación coa tecnoloxía.
- Fomentar que o alumnado a lectura como fonte de lecer.
- Fomentar o uso da biblioteca tanto no ámbito escolar como de ocio.
- Axudar na atención á diversidade.

En xeral, o **proceso metodolóxico** seguirá as seguintes pautas para acadar estes obxectivos:

- Breve exposición do profesor sobre o tema obxecto de estudio.
- Preguntas e comentarios sobre a exposición e a lectura.
- Realización de exercicios, actividades e traballos.

- Cando se entregue material de prensa ou revistas, o alumnado deberá ler, resumir e comentar.
- Farase recomendación de lecturas, tanto para a actividade académica como para o tempo de lecer para consolidar o aprendido.
- Indicarase as fontes de información axeitadas para cada materia e contidos.
- Insistirase sobre a necesidade de expresarse con corrección a nivel oral e escrito, empregando da forma máis precisa o vocabulario técnico propio da materia.
- Fomentarase as preguntas públicas na clase sobre os textos que non se entenden, evitando que os alumnos se sintan cohibidos.

Para acadar os obxectivos segundo as orientacións metodolóxicas anteriores, e tendo en conta o **plan lector do centro**, no Departamento de Economía intentarase levar a cabo as seguintes **actividades** relacionadas coa comprensión lectora:

Visita á Biblioteca do Centro para coñecer os seus fondos e o seu funcionamento.

Periodicidade: Unha vez, no primeiro trimestre

Elaboración dun vocabulario da materia.

Anotando nun caderno ou nun arquivo informático os termos específicos e novos que vaian xurdindo ao longo do curso. Periodicidade: Con cada tema

Lectura individual por parte do alumnado de textos de contido económico, incluíndo textos legais. Posteriormente o alumnado interpretará o texto facendo un comentario de textos e/ou elaborará esquemas que lles axuden a estruturar os temas, servindo estes como ferramenta de aprendizaxe. Periodicidade: Con cada tema.

Pautas para o comentario de texto:

- Comprender globalmente: poñer un título que recolla a esencia do texto (capacidade para identificar a idea principal do texto).
- Obter información: facer un resumo de non máis de 10 liñas: (capacidade para extraer información do texto).
- Reflexionar sobre o contido do texto e relacionar cos contidos vistos na materia.
- Reflexionar sobre a estrutura dun texto (capacidade de relacionar a forma do texto coa súa utilidade e función).
- Analizar o vocabulario, sinalando as palabras que non se comprenden e acudir a un dicionario para descubrir o seu significado.

Lectura en voz alta de por parte de alumnos e profesores, para a súa posterior análise.

A lectura en voz alta forma parte das actividades cotiás. Esta realízase sobre fragmentos do libro de texto (contidos teóricos e lecturas), sobre textos que se

proporcionan aos alumnos, sobre artigos xornalísticos que se levan á aula, sobre artigos de revistas especializadas, etc.

A esta actividade lectora úneselle a actividade comprensiva do que se le. O noso departamento cre que tan importante é ler ben como entender o que se le. Por iso, e tamén de forma sistemática, os alumnos realizan, de forma oral ou escrita, comentarios de texto, esquemas, exposicións orais e resumos dos fragmentos lidos. Se é necesario, a lectura é seguida pola explicación da profesora.

Periodicidade: Case tódolos días

Actividades de busca de información en Internet. É un dos contidos mínimos da materia. Periodicidade: Dependendo do tema, frecuente.

Uso de dicionarios.

Habituarse ao alumnado a que busque o significado dun termo cando se descoñeza. Pódense empregar dicionarios en liña. É importante que os alumnos saiban atopar o significado técnico dun termo. Periodicidade: Ocasional

A prensa do día (comentando noticias de actualidade)

O departamento está inscrito ao programa **Prensa Escuela** de La voz de Galicia polo que todos os mércores os alumnos recibirán un xornal para traballar na clase noticias económicas e de empresa.

Realización de traballos de investigación sobre dos distintos contidos da materia; (textos ou multimedia).

A través destas pequenas investigacións foméntase a lectura de diversas fontes, a súa análise, a súa síntese e a súa presentación, de forma escrita ou oral. A presentación oral poderá ser aos compañeiros da clase ou a tódolos alumnos do centro nos recreos na Biblioteca. Tamén pódense redactar entradas nos blog das materias. Periodicidade: Trimestral.